

POESÍA GALEGA DE POSGUERRA

A época de mellora da situación lingüística e literaria da lingua galega no primeiro terzo do século XX (Irmandades, Grupo Nós, grupos vangardistas, revistas, Seminario de Estudos Galegos, etc..) foi cortada en seco no 1936 co estalido da **GUERRA CIVIL** e a instauración, a partir de 1939, dun réxime ditatorial, ultraconservador e de nacionalismo centralista que tentou afoga-las culturas periféricas en beneficio da idea de cultura única e española. A guerra civil supuxo a morte ou o exilio da maioría de galeguistas e figuras emblemáticas da cultura e das letras galegas. O exilio foi maioritariamente cara América do Sur e centrouse nos lugares nos que xa había grandes comunidades galegas que xurdiran coa emigración (Arxentina, Uruguay, Cuba, etc.). De entre todos eles Buenos Aires converterase no centro cultural galego e será alí onde continúe o traballo dos que puideron escapar como Castelao e onde se publiquen as principais obras en galego da época.

No exilio editarán os seus poemas autores como Luís Seoane (que ademais de poeta destacará na súa faceta de ilustrador e creador gráfico) ou **Lorenzo Varela**. Colaborarán nalgún volume sendo Varela o creador e Seoane o ilustrador das súas obras. Varela, en consonancia co sentimento dos exiliados, ofrecerá unha poesía tinguida pola saudade e unha visión case onírica do afastamento de Galicia. O título da súa obra *Lonxe* (de 1954) é significativo.

En Galicia quedaron algúns autores que continuaron coa faceta creativa que xa estaban a desenvolver antes da guerra. Algúns estudosos definiron a situación dalgúns destes autores como o *exilio interior* facendo referencia ó silencio e á situación de imposibilidade creativa na que ficaron moitos deles. Xérase unha poesía de circunstancias da que se pode citar a **Luís Pimentel**, autor que xa publicara algunhas composicións na revista Ronsel e que non verá publicada a súa obra máis importante *Sombra do aire na herba*. Elabora unha poesía madura que xorde da asimilación da lírica galega e universal. É unha lírica tinguida de tenrura e sensibilidade que aparecen salpicados de pingas de dor e sufrimento. A súa poética é moi musical e tende cara un surrealismo humanista no que se expresan, en moitas ocasións, sensacións de tristeza ou pesimismo.

Xogo ruín

Aquil neno
pincháballe os ollos
ós paxaros;
e gustáballe ver saír
esa gotiña
de ar e de lus,
ise rocío limpo
de mañanciñas frescas
.....

Logo botábaos
a voar
e reíase de velos
toupar contra o valado
da súa casa,
con un ruído
moi triste
.....
Creceu e foi de aqueles.

Luis Pimentel, *Sombra do aire na herba*, 1959

Por outra parte hai autores como **Álvaro Cunqueiro** que xa destacara como poeta (neotrobadorismo) antes da guerra e que agora continúan coa súa faceta creativa. Cunqueiro afina moitas veces unha poesía de evasión na que recorre ó clasicismo, ó culturalismo ou a referencias míticas e doutras

literaturas que escapan da situación social do país. Cultiva unha fantasía intelectual de liña vangardista e mitolóxica con moitas referencias cultas.

*...aquela baluguiña de manteiga,
aquele peliño mouro, aquelas manciñas inquedas
era eu, regresado á nai como varón,
e á coroa de Tebas como asesino.*

*Eu son Edipo. Si mirades ben o caso,
un inocente. Agora vello e canso déitome
nas trebas, que me arroupan
como unha nai arroupa ao seu neno.*

Álvaro Cunqueiro, *Herba aquí e acolá*, 1979

Pesimismo e lamento por unha parte e evasión ou escape dos problemas por outro son dúas das liñas fundamentais dos poetas que xa escribían antes da guerra. **Aquilino Iglesia Alvariño**, por exemplo, elaborará unha poesía de suxestión descritiva, de comunión coa natureza e de riqueza léxica e a súa obra *Cómaros verdes* representará un punto de inflexión para que se volva iniciar a edición de libros en Galicia. Pero o que hai que destacar como elemento fundamental e vertebrador da poesía e literatura de posguerra é a aparición da editorial **Galaxia** en 1950 (Estréase con *Antífona da cantiga* de Ramón Cabanillas). En torno a Galaxia os vellos e novos autores comezarán a debuxar unha nova paisaxe literaria galega: edición de libros, revista Grial, coleccións, etc...

A partir de aquí hai un novo rexurdir da poesía galega con novos autores e poéticas. Ferrín falará de tres grandes grupos ou xeracións:

→ **A xeración de 1936**: a dos autores nados entre 1910 e 1920. Destaca **Celso Emilio Ferreiro**

→ **A Promoción de Enlace**: formada por autores nados entre 1920 e 1930, que accederon á cultura nos anos 40, nun ambiente de extrema penuria material e intelectual e de illamento internacional, sendo así, en boa medida, autodidactas. Destacan Antón Tovar ou **Luz Pozo Garza**

→ **A Xeración das Festas Minervais**: a de escritores vidos ao mundo entre 1930 e 1940, e que se deron a coñecer nuns certames literarios -chamados Festas Minervais- que organizaba a Universidade de Santiago de Compostela nos anos 50. Destacan poetas como **Manuel María**, Bernardino Graña, Xohana Torres ou **Xosé Luís Méndez Ferrín**. Dentro desta última inclúese tamén **Uxío Novoneyra** pero polas características tan específicas da súa lírica e por ter nacido no 1930 está xusto na división entre as dúas.

Os autores desta época, con excepcións e diversas miradas sobre os mesmos temas, estarán próximos a ideoloxías de esquerdas e a percepción do mundo a través dos filtros da loita de clases e das inxustizas do capitalismo.

A Xeración de 1936 contará con autores como María Mariño, Álvarez Blázquez pero a figura fundamental será a de **Celso Emilio Ferreiro**, tanto pola súa obra como pola súa transcendencia. Aínda que na súa obra *O soño sulagado* xa están presentes as liñas da súa poesía será *Longa noite de pedra* (1962) o poemario no que mellor se plasmarán as características da mesma e fundamentalmente da súa poesía social. É a gran obra desta época. Celso Emilio inclúe nela poemas sociais nos que innova cuns ritmos vivos e cortados, cheos de encabalgamentos, que

outorgan viveza ás composicións. As referencias á escuridade, a frialdade, as tebras e a dureza da pedra reflicten claramente a situación dun país e dunha época.

*O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,*

*as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.*

Os símbolos empregados por Celso Emilio converteranse precisamente en símbolos empregados posteriormente por poetas, cantautores ou, máis recentemente, músicos de rap galegos. Por outra parte ten outras composicións máis intimistas ou nas que o existencialismo se presente máis evidentemente. Por outra parte os seus poemas amorosos, máis presentes en obras posteriores (*Onde o mundo se chama Celanova*), terán un corte máis clásicos. Outro tipo de composicións son as satíricas críticas coa poboación galega e sobre todo cos galegos da emigración que dará lugar ó poemario *Viaxe ó país dos ananos*.

Uxío Novoneyra terá contacto e tenderá a incluírse cos autores das Festas Minervais pero mantén relación e referencias directas a representantes da Xeración de 1936 como María Mariño, coa que entrara en contacto no Courel. Ademais nace no 1930, ano que Ferrín establece para a división dos grupos, e a súa poesía ten uns trazos bastante distintivos dentro das liñas creativas da época. Sexa como fora a súa é unha obra salientable e dun lirismo poucas veces acadado na poesía galega. Aínda que ten poemas de claro corte social a xeito de protesta contra o capitalismo violento da época, a guerra fría ou a morte de líderes de esquerdas como o Che Guevara, a obra máis perdurable de Novoneyra é ***Os Eidos***. Esta obra é un gran mosaico da paisaxe do Courel no que o autor vai procurando sensacións, experiencias e momentos e exprésaos cuns versos limpos e espídos de ornamentos onde o máis íntimo aparece en cada recuncho da paisaxe e en cada momento de soidade. A disposición gráfica ofrece ó lector a maneira en que debe recibir-la obra mediante xogos cos espazos (silencios), verso libre, estruturas da lírica conceptual oriental, etc...

Norde último

das campanas da neve!

Frol de fumo!

Panos brancos

esfinaídos

da nebra

De entre os máis novos dos poetas de posguerra atópanse os membros da xeración das Festas Minervais. De entre eles destacan dúas liñas básicas que son a Escola da Tebra, poesía de ton íntimo e angustiado na que aparecen temas como a morte e a desesperanza, e o socialrealismo, poesía de denuncia social na que aparecen a opresión, a guerra ou o sentimento de Galicia. Un dos principais representantes da Escola da Tebra é Manuel María, un dos autores máis prolíficos da literatura galega, pero a principal figura da Xeración das Festas Minervais é Xosé **Luís Méndez Ferrín**. Ferrín comeza a súa obra pulsando temas como a preocupación existencial, a presenza dun mundo mítico e a visión fatal de Galicia. En 1976 aparece ***Con pólvora e magnolias***, quizais a súa máis grande obra. Supuxo a renovación da poesía galega que se quedara no realismo social dos imitadores de Celso

Emilio. É unha obra complexa na que comparten liñas a poesía revolucionaria (a pólvora) co lirismo intimista e o luxo estético (as magnolias). Os poemas discorren en versos libres, peteirados por diversas resonancias culturais: o celtismo, o surrealismo, o movemento **beat**, a lírica de Cunqueiro e a poesía medieval. O ton do poemario é nostálxico: mostra con esplendorosa fruición estética a imposible recuperación do tempo que avanza inexorablemente e o triunfo da decadencia. Isto exprésao do xeito máis claro na sección *Triste Stephen* onde son máis perceptibles tamén as influencias da xeración *beat*.

<i>Triste</i>	<i>de noxo en cada ollo vencido</i>
<i>triste Stephen</i>	<i>vede a Stephen</i>
<i>reclina a fronte nas</i>	<i>o seu lombo</i>
<i>aballoadas</i>	<i>sen luz</i>
<i>estancias do serán que non dá</i>	<i>a súa boca que ten aburrido</i>
<i>morto</i>	<i>o tasto dos licores do mundo</i>
<i>nácenlle coma decote</i>	<i>...</i>
<i>chuchameles</i>	

Formalmente explota todo o posible o verso libre e xestiónao en función da intención de cada palabra. Os usos simbólicos e as referencias intertextuais (diálogo con outros textos e outros autores) son frecuentes.